DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández
D. Carlos López López

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada Dª. Mª del Pilar García Porto e o señor deputado D. Iván Castro Díaz.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 1/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

O Presidente xustifica e desculpa a ausencia de dona Mª del Pilar García Porto e de don Iván Castro Díaz por asuntos médicos familiares.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de febreiro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DE *CHATBOTS* MUNICIPAIS, FERRAMENTAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE DAS *WEBS* MUNICIPAIS E MÓDULO DE TRANSPARENCIA FINANCIEIRA. PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - *NEXT GENERATION EU*".**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes da contratación do subministro e implantación de *chatbots* municipais, ferramentas para a mellora da accesibilidade das *webs* municipais e módulo de transparencia financieira. proxecto enmarcado dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea - Next Generation EU", consta no mesmo:

1.- Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7W6APKLQGD5ORKBRYQ4Q7DB4.
2.- Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WZT7COERSXGWMAQIABY36GM.
3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WESB6JR7I5TXC4I6T6XRAAY
4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WEGJPDJVMJ3U3RT7TBZL6IY.
5.- Fiscalización limitada previa do expediente.

6.- Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7WEGJ3HRR65L4JBTXSEYJRPY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación por lotes da contratación por lotes da contratación do subministro e implantación de *chatbots* municipais, ferramentas para a mellora da accesibilidade das *webs* municipais e módulo de transparencia financieira. proxecto enmarcado dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea - *Next Generation EU*", financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation EU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Compoñente 11: Modernización de las Administraciones Públicas C11. I3": dirixido, á transformación dixital e modernización das distintas administracións públicas, Programa Impulsatic, polas razóns de interés público que se recollen na Memoria Xustificativa.

**2º**.- Aprobar a contratación por lotes da contratación por lotes da contratación do subministro e implantación de *chatbots* municipais, ferramentas para a mellora da accesibilidade das *webs* municipais e módulo de transparencia financieira. proxecto enmarcado dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea - *Next Generation EU*", financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation EU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Lote 1. Accesibilidade: Ferramentas de accesibilidade sobre a *web* municipal.
Lote 2. Accesibilidade: *Chatbot* integrado na web do concello.
Lote 3. Transparencia: Módulo de transparencia financeira.

**3º**.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de tramitación de urxencia e suxeita a regulación harmonizada, será de 20 días naturais, a contar desde o seguinte á data de envío ao DOUE, de acordo co previsto ao efecto nos artigos 119.2 (letra b 2º) e 156.3 (letra b) da LCSP, en relación co sinalado no artigo 50.1 (letras a e e) do Real Decreto Lei 36/2020.

**5º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 661.322,32 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 138.877,68 €, o que fai un total de 800.200,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

| LOTES | IMPORTES CON IVE |
|---|---|
| Lote 1. Accesibilidade: Ferramentas de accesibilidade sobre a *web* municipal. | 111.000,00 euros |
| Lote 2. Accesibilidade: *Chatbot* integrado na web do concello. | 528.00,00 euros |
| Lote 3. Transparencia: Módulo de transparencia financeira. | 161.200,00 euros |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E SEGUIMENTO PARA A IMPLANTACIÓN MUNICIPAL DOS PROXECTOS ENMARCADOS DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), «PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – *NEXT GENERATION EU*».**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a certificación dos acordos adoptados pola mesa de contratación, celebrada o 19 de febrerio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 4/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

*Antecedentes:*

1.- Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7P2OAOHQFCTRF3UYYHI3YQ7Y.
2.- Informe de consignación orzamentaria, con CSV:IV7WWP7DYFHP7S6NUPVHH7S7KA.
3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WQ6CNBRXZ3DH5CUAX4VYGCE.
4.- Informe adicional, con CSV: IV7WSLQSNYXDT3NS6INCAJKWC4.
5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WSL7CF5HP7ROO6PYM6USTME.
6.- Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7WSPLOF3XTLRO6WQGH6L3E6I.
7.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WSPYIL4WPL7H26RW5IZHW74.
8.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WTTD3NN442VEYTREC6ZKU6M.
9.- Acordo de Xunta de Goberno do día 29 de decembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7W437NLXZIUTVJYZVG44ASEE.
10.- Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 02 de xaneiro de 2024.
11.- Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

12.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7WYWCNHVVPRSVCQNICKBRACY, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por Minerva concluíndo o seguinte:

"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 10 posibles parejas decisor- potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente:
10 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes).
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas).

Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde."

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Alpha Syltec Ingeniería.

Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que a documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo.

A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

| LICITADORES | PREZO | INCREMENTO DE NÚMERO DE VISITAS SEN COSTE ENGADIDO |
|---|---|---|
| ALPHA SYLTEC INGENIERÍA | Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de 14.532,30 euros, aos que se engadirán 3.051,78 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 17.584,08 euros | NON OFERTA |

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, resultando que cando, concorrendo un só licitador,o límite será que o importe ofertado (17.584,08 euros) sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais (límite da baixa todo importe inferior a 20.605,66 euros), polo que a oferta da mercantil Alpha Syltec Ingeniería incorre en baixa desproporcionada.

Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complemente á información extraída


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 6/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

A vista do antedito, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes:

Conceder o trámite de audiencia á empresa Alpha Syltec Ingeniería, para que no prazo de 5 días hábiles e de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Requirir á empresa Alpha Syltec Ingeniería para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada no cadro resumen do PCAP, apartado "P. Documentación esixida ao licitador proposto como adxudicatario a maiores da esixida na cláusula 17" e na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.
A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación."

13.- Comunicación de trámite de audiencia para que xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos ofertados e requirimento de documentación administrativa a mercantil Alpha Syltec Ingeniería, ambos documentos cursados polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 25 de xaneiro de 2024.

14.- A documentación xustificativa do baixo nivel de prezos ofertados é presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 01de febreiro de 2024 e dáse traslado da documentación ao servizo de Novas Tecnoloxías para que emita informe ao respecto e a documentación administrativa é presentada por este mesmo medio o día 01 de febreiro de 2024.

15.- Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 19 de febreiro de 2024, pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por Minerva en relación a Margarita Tarrío Álvarez, concluíndo o seguinte:

"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 1 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente:
1 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes).
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor- potencial beneficiario están en situación de bandera verde."

A maiores incorpóranse ao expediente a declaracións de ausencia de conflito de interese de Margarita Tarrío Álvarez co potencial beneficiario.

A continuación, a Presidenta informa aos membros da Mesa de Contratación do informe emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías con CSV: IV7W3QIJD5VP3FJPU5UACEKUGM, en relación á xustificación da oferta económica presentada pola empresa Alpha Syltec Ingeniería, que conclúe o seguinte:

"A empresa basease na súa experiencia en proxectos similares (que lista a continuación), así como no uso dunha metodoloxía baseada en SCRUM e testada en proxectos anteriores así como no seus procesos de xestión de calidade, por último menciona a experiencia e calidade técnica do seu persoal e fai unha estimación de recursos tanto humanos (con salarios en base a convenio) como materiais que porá a disposición do proxecto.
Por todo o anteriormente exposto, dende o Servizo de Comunicación e TICs (Sección Novas Tecnoloxías), consideramos xustificada a oferta económica presentada pola empresa Alpha Syltec Ingeniería para a realización do contrato 2023/CON_02/000075 para a contratación do servizo de asistencia e seguimento para a implantación municipal dos proxectos enmarcados dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo), «Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión Europea – *Next Generation-EU*".

Tendo en conta o antedito, a Mesa de Contratación acorda aceptar na súa integridade o contido do informe emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías, e polo tanto proceder a admitir a oferta presentada pola empresa Alpha Syltec Ingeniería, polo que se procede a examinar a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP.

A Presidenta informa que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar o informe realizado polo Servizo de Novas Tecnoloxías sobre a xustificación da oferta económica presentada pola licitadora Alpha Syltec Ingeniería.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 9/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN ACADADA |
|---|---|---|
| 1 | ALPHA SYLTEC INGENIERÍA | 90 |

Adxudicar á empresa Alpha Syltec Ingeniería, a contratación do servizo de asistencia e seguimento para a implantación municipal dos proxectos enmarcados dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo), «Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión Europea– *Next Generation EU*» Exp. 2023/CON_02/000075, polo importe de 14.532,30 euros, aos que se engadirán 3.051,78 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 17.584,08 euros.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Presidencia, se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN ACADADA |
|---|---|---|
| 1 | ALPHA SYLTEC INGENIERÍA | 90 |

Adxudicar á empresa Alpha Syltec Ingeniería, a contratación do servizo de asistencia e seguimento para a implantación municipal dos proxectos enmarcados dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo), «Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión Europea– *Next Generation EU*» Exp. 2023/CON_02/000075, polo importe de 14.532,30 euros, aos que se engadirán 3.051,78 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 17.584,08 euros.
O gasto financiarase con cargo á aplicación 4910.22706, segundo consta no informe de consignación da Intervención.

**2º**.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 10/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**3º**.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

**4º**.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E REPOSTOS PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E GRANXA GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19 de febreiro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1.- Orde de inicio do expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WUS2NCE5D3VJ6WIEMEQZFEU.
2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WULCTHXVLXP46URI4AJSDGI.
3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PGKQKDAZSJ5HTWLXQCIPW44.
4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUOZI2AGMVGEN2MWM45LE64.
5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WULJ2BF7633RTTV4HAX3SIQ.
6.- Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7WUO7YH442376TRXVWAJYFKQ.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 11/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

7.- Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7WWTYIKFUY7BBCUH5XK3ZPL4.
8.- Anuncio de licitación, remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 28 de novembro de 2023.
9.- Anuncio de licitación e pregos publicados na plataforma de contratación do sector público o día 30 de novembro de 2023.

10.- Acta da mesa de contratación do día 12 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7W66S5PZNKSSF43XYSEFXWGQ, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

| LICITADORES | LOTES AOS QUE SE PRESENTA |
|---|---|
| RECAMBIOS FRAIN SL | 1,2,3 |

Considerando que a única empresa concorrente presentou, dentro do prazo concedido a tales efectos, a súa proposta, a Mesa de Contratación acorda admitila e proceder á apertura e calificación dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos co resultado de que o anexo I se axusta aos requisitos recollidos no PCAP.

Acto seguido procédese á apertura pública e ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gayoso Castro.
A empresa Recambios Frain S.L. oferta Oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios dun 25%, sobre a guía oficial de tasacións TECDOC e GTMOTIVE, polo que obtén neste criterio 95 puntos.
Oferta unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50 %, polo que obtén neste criterio 5 puntos.

Lote 2: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.
A empresa Recambios Frain S.L. oferta Oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios dun 25%, sobre os prezos máximos que se recollen nos PPT polo que obtén neste criterio 95 puntos.
Para o resto de ferramentas e material de limpeza non relacionado no PPT, aplicaránse prezos contraditorios, posto que non achega tarifa.
Oferta unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%, polo que obtén neste criterio 5 puntos.

Lote 3: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.
A empresa Recambios Frain S.L. oferta Oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios dun 10 %, sobre os prezos máximos que se recollen nos PPT polo que obtén neste criterio 95 puntos..
Oferta unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%, polo que obtén neste criterio 5 puntos.

Unha vez realizada a comprobación de que a única proposta presentada non está incursa en valores anormais ou desproporcionados a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

| Nº ORDE | LOTE 1-LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | RECAMBIOS FRAIN S.L. | 100,00 |

| Nº ORDE | LOTE 2-LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | RECAMBIOS FRAIN S.L. | 100,00 |

| Nº ORDE | LOTE 3-LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | RECAMBIOS FRAIN S.L. | 100,00 |

2º.-Requirir á empresas Recambios Frain S.L. S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas- sempre que non se tivese

aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| EMPRESA | LOTE | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE | IMPORTE DA GARANTÍA DEFINTIVA 5% |
|---|---|---|---|
| RECAMBIOS FRAIN S.L. | LOTE 1 | 70.247,93 € | 3.512,40 € |
| RECAMBIOS FRAIN S.L. | LOTE 2 | 4.958,68 € | 247,93 € |
| RECAMBIOS FRAIN S.L. | LOTE 3 | 8.264,46 € | 413,22 € |

(...)

11.- Resolución de Presidencia do día 24 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7WYWD2OFN2USNDYVANCA3RKA, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.
12.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 30 de xaneiro de 2024.
13.- Documentación presentada pola empresa Recambios Frain S.L. a través da plataforma de contratación do sector público o día 09 de febreiro de 2024, completada por sede electrónica o día 16 de febreiro de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 19 de febreiro de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Recambios Frain S.L. as prestacións contidas nos lotes 1,2 e 3 da contratación da subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo**,** expediente 2023/CON_02/000061**,** polo importe de 83.471,07 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.528,93 €, o que fai un total de 101.000,00 €, coas seguintes características:

Lote 1: Oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios dun 25% sobre a guía oficial de tasacións TECDOC e GMOTIVE, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

Lote 2: Oferta unha porcentaxe de baixada dun 25% sobre os prezos unitarios recollidos nos PPT e sobre as tarifas oficiais do fabricante que se aportan para os produtos non contemplados no prego, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

Lote 3: Oferta unha porcentaxe de baixada dun 10% sobre os prezos unitarios recollidos nos PPT, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar á empresa Recambios Frain S.L. as prestacións contidas nos lotes 1,2 e 3 da contratación da subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo**,** expediente 2023/CON_02/000061**,** polo importe de 83.471,07 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.528,93 €, o que fai un total de 101.000,00 €, coas seguintes características:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
| --- | --- | --- | --- |
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 15/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Lote 1: Oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios dun 25% sobre a guía oficial de tasacións TECDOC e GMOTIVE, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

Lote 2: Oferta unha porcentaxe de baixada dun 25% sobre os prezos unitarios recollidos nos PPT e sobre as tarifas oficiais do fabricante que se aportan para os produtos non contemplados no prego, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

Lote 3: Oferta unha porcentaxe de baixada dun 10% sobre os prezos unitarios recollidos nos PPT, cunha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%.

**2º**.- O orzamento distribúese atendendo ao seguinte desglose:

| LOTES | CENTROS | APLICACIÓN | ANUALIDADE | IMPORTE (IVE engadido) | A |
|---|---|---|---|---|---|
| LOTE I: Pezas de reposto | PARQUE MÓBIL | 9201.22111 | 2024 | 63.000,00 | 920239/512 |
| | | 9201.22111 | 2025 | 7.000,00 | 920239/512 |
| | GRANXA PROV. (IVE deducible) | 4120.22111 | 2024 | 13.500,00 | 920239/513 |
| | | 4120.22111 | 2025 | 1.500,00 | 920239/513 |
| LOTE II: Ferramentas e materiais para o taller do Parque | PARQUE MÓBIL | 9201.22111 | 2024 | 5.400,00 | 920239/514 |
| | | | 2025 | 600,00 | 920239/514 |
| LOTE III: Material de limpeza para vehículos e máquinas. | PAREQUE MÓBIL | 9201.22110 | 2024 | 7.200,00 | 920239/515 |
| | | 9201.22110 | 2025 | 800,00 | 920239/515 |
| | GRANXA PROV. (IVE deducible) | 4120.22110 | 2024 | 1.800,00 | 920239/516 |
| | | 4120.22110 | 2025 | 200,00 | 920239/516 |
| SUMA | | | | 101.000,00 | |
| LOTE 1 | | | | | 85.000,00 |
| LOTE 2 | | | | | 6.000,00 |
| LOTE 3 | | | | | 10.000,00 |
| TOTAL | | | | | 101.000,00 |

Existe crédito suficiente na orzamento xeral para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2025 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.

**3º**.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 16/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo ao interesado."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO ALUGAMENTO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO" PARA A ANUALIDADE 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Con data 10.06.2022, apróbase en Xunta de Goberno a proposta de aprobación da solicitude do proxecto "Y para Vivir Lugo", ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, regulada pola Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro.

Con data 13.12.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico comunica a concesión a Deputación de Lugo dunha subvención para o Proxecto "Y para vivir Lugo".

Con data 26.01.2024, apróbanse en Xunta de Goberno a as bases da convocatoria e os anexos para o fomento do alugamento e creación dunha bolsa de dispoñible de vivendas no rural na execución do programa "Y para vivir Lugo" para a anualidade 2024.



| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 17/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Con data 31.01.2024 publícase no BOP de Lugo núm. 026, as bases do programa xunto co extracto de publicación da Base Nacional de Subvencións. O prazo de presentación de solicitudes iníciase o día seguinte da publicación, 01.02.2023, alongándose durante un mes, ata 29.02.2023.

Debido á novidade destas axudas e a que se trata dun proxecto piloto, na data actual o número de solicitudes non cubre o número máximo da bolsa de vivendas subvencionables e o crédito orzamentario dispoñible.

Que segundo se indica na Base 8 da convocatoria:

"Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa "Y para vivir Lugo", previa modificación das bases.
(…)"

Así mesmo, e de acordo co artigo 32.1 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

"A administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconséllano e non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados"

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno:

A ampliación do prazo de presentación de solicitudes, a través da modificación da Base 8 e do Anexo I da Convocatoria para o fomento do alugamento e creación dunha bolsa de dispoñible de vivendas no rural na execución do programa "Y para vivir Lugo" para a anualidade 2024, que quedarían redactados do seguinte xeito:

Base 8. Presentación das solicitudes:

Onde di:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 18/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

"Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa "Y para vivir Lugo", previa modificación das bases.
(...)"

Debe dicir:

"Os interesados dispoñen dun prazo dun mes e medio contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).
(...)"

Anexo I:

Onde di:

(...)
Presentación de solicitudes.
Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito suficiente, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP da provincia de Lugo e en todo caso respectando a vixencia do programa "Y para vivir Lugo" a través da modificación das bases.
(...)

Debe dicir:

(...)
Presentación de solicitudes.
Os interesados dispoñen dun prazo dun mes e medio contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

(...)"


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 19/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA TRADIGALU, 2024.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas: "(...) A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á ciudadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituido polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
| --- | --- | --- | --- |
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 20/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Programa de conservación, promoción e difusión da riqueza musical, aproveitando a división comarcal da provincia de Lugo: Tradigalu**.**

O programa Tradigalu encadrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:

Promover o conservación, a promoción e a difusión da riqueza musical.
Incentivar o consumo cultural.
Fomentar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.
Apoiar e dar visibilidade á tradición e ao recordo como mecanismo de cohesión social.
Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a riqueza cultural musical a todas as comarcas da provincia de Lugo.
Facer das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc..., en reunións sociais que promoven sinerxias que as convirte nun estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.
Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
Converter as manifestacións culturais de natureza musical nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.
Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.
Potenciar a memoria material e inmaterial coa difusión do traballo dos grupos musicais e asociacións, coma un medio máis que axude a súa consolidación activa coma axentes dinamizadores da nosa tradición cultural.
Complementar a programación artística que por parte dos concellos e demais entidades ou axentes culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo.

Tradigalu nace coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes musicais representadas por grupos corais, bandas de música e grupos de música

tradicional, cuxa execución se materializará dende a súa aprobación e ata 31 de decembro de 2024.

De igual xeito, este programa materializarase –en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda, sendo o orzamento total para a súa materialización será de 250.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 240.000,00 €.
Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 10.000,00€.

Tradigalu é unha iniciativa de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial comarcal provincial; pensada para complementar e/ou espallar a programación cultural de natureza musical ás 13 comarcas da provincia de Lugo, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción musico-cultural e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso á cultural musical de toda a cidadanía.

A Lei 7/1996, de 10 de xuño, de desenvolvemento comarcal, concibe a comarca coma unha figura da estrutura territorial descentralizada, adaptada á dispersión do hábitat, a fin de acercar á poboación os servizos que a sociedade moderna demanda; un plan onde poboación e territorio deixaron de ser elementos pasivos para converterse en factores activos do seu propio desenvolvemento.

Por esa razón Tradigalu ten previsto implementar unha programación de natureza musical na que participarán grupos corais, grupos de música tradicional e bandas de música radicadas na provincia de Lugo e cuxas actuacións percorrerán o territorio das 13 comarcas da Provincia. A este respecto, as actuacións de grupos musicais participantes neste Programa despregaranse polas seguintes comarcas:

Comarca de Lugo, integrada polos concellos de Rábade, Friol, Outeiro de Rei, Lugo, Castroverde, Guntín, O Corgo e Portomarín.
Comarca de A Mariña Oriental, integrada polos concellos de Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.
Comarca da Mariña Central, integrada polos concellos de Burela, Foz, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo e Lourenzá.
Comarca da Mariña Occidental integrada polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo e Ourol.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 22/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Comarca da Terra Cha, integrada polos concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Abadín, Muras, Vilalba, Xermade e Guitiriz.
Comarca de Meira, integrada polos concellos de Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín e Pol.
Comarca de A Fonsagrada, integrada polos concellos de Baleira, Negueira de Muñíz e A Fonsagrada.
Comarca de Sarria, integrada polos concellos de Láncara, O Páramo, Sarria, Triacastela, Samos, Paradela e O Incio.
Comarca de Os Ancares, integrada polos concellos de Navia de Suarna, Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.
Comarca de Quiroga, integrada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.
Comarca de Terras de Lemos, integrada polos concellos de O Saviñao, Bóveda, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober.
Comarca de A Ulloa, integrada polos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.
Comarca de Chantada, integrada polos concellos de Taboada, Chantada e Carballedo.

Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre comarcas veciñas; especial atención á conservación e fomento das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc…; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais e demáis axentes culturais do territorio provincial; á difusión das programacións culturais a todos os recunchos do medio rural e á promoción e difusión dos produtos culturais locais do noso país co obxecto de fomentar a creación de públicos culturais e facilitar o acceso á tradición cultural galega.

As actuacións poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a organización comarcal da mesma, a distribución da poboación e á necesidade de implementación de actividade cultural musical nun escenario de posible recesión económica. Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar a rentabilidade das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural e polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos clientes culturais do noso territorio provincial.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 23/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

O número máximo de actuacións que poderá realizar cada agrupación non poderá superar o importe do contrato menor. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Igualmente, cando unha asociación teña diferentes grupos musicais integrados no seu colectivo o límite máximo da participación neste Programa dos diferentes grupos musicais pertencentes a unha mesma Asociación será –no seu conxunto- o límite do contrato menor.

Na localización da actividade poderase solicitar a colaboración de concellos e demais entidades ou axentes culturais para facilitar un escenario acaído, unha boa difusión e/ou un apoio material puntual, de ser preciso. As actuacións poderán ser a pé de rúa ou en escenario.

Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demáis responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Nesta anualidade 2024, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) non asumirá o 100% do custo das actividades deste programa, senón que a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá/aboará o 80% do total do custo da actividade concedida aos grupos participantes neste Programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actividade. O 20% restante do custe da actividade deberá ser asumido polo interesado da actividade, responsabilizándose de facerllo efectivo ao grupo actuante. No caso de que houbese algún incumprimento de carácter económico por parte do interesado, a Deputación só se fará cargo do pago do 80% da aportación económica comprometida.

Os cachés das actuacións para os grupos actuantes deste Programa serán os seguintes:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 24/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

| |
|---|
| BANDAS DE MÚSICA:<br>Bandas entre 10 e 15 participantes: 850 €<br>Bandas entre 16 e 24 participantes: 1100 €<br>Bandas entre 25 e 39 participantes: 1.500 €<br>Bandas entre 40 e 50 participantes: 2.000 €<br>Bandas de máis de 50 participantes:2.500 €<br><br>GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:<br>Grupos de música tradicional con menos de 10 participantes: 750 €<br>Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 participantes: 900 €<br>Grupos de música tradicional con máis de 20 participantes: 1.100 €<br><br>CORAIS:<br>Corais entre 10 e 20 participantes: 900 €<br>Corais con máis de 20 participantes: 1.100 € |

O servizo de Cultura establece que, tendo en conta os cachés das diferentes tipoloxías musicais referenciados, os interesados deberán asumir obrigatoriamente o pago do 20% do custo da actuación programada, representando para os interesados a seguinte contía en función da tipoloxía da actuación:

| |
|---|
| BANDAS DE MÚSICA: |
| 170 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa. |
| 220 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa. |
| 300 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa. |
| 400 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa. |
| 500 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa. |
| GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL: |
| 150 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa. |
| 180 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa. |
| 220 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa. |
| CORAIS: |
| 180 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa. |
| 220 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa. |


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 25/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

O resto do caché, é dicir, o 80% do custo restante das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Servizo de Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturar á Deputación de Lugo, o 80% do custo total da actividade musical; é dicir:

| BANDAS DE MÚSICA: |
|---|
| 680 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa. |
| 880 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa. |
| 1200 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa. |
| 1600 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa. |
| 2.000 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa. |

| GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL: |
|---|
| 600 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa. |
| 720 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa. |
| 880 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa. |

| CORAIS: |
|---|
| 720 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa. |
| 880 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa. |

Obrigas/ compromisos das partes:

1.- Os grupos musicais participantes neste Programa deberán:
a) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
b) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
c) Actuar, obrigatoriamente, co mesmo número de participantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 26/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

d) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
e) Expedir as facturas legais correspondentes ao 80% do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura) e, con cargo á entidade interesada no Programa (para a que actúan) o 20% restante do custe total da actividade realizada.
f) Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
g) As actuacións dos grupos participantes neste Programa terán unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos), podendo levarse a cabo nun único pase ou, pola contra, en dous pases de 45 minutos cada un.
h) Os grupos terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.
i) Non poderán participar grupos onde todos os seus componentes sexan menores de idade. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que formen parte deste Programa
j) Aboar -se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro dereito que puidese derivarse., etc...).
k) Achegar, de ser preciso, todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...).
l) Declarar que son coñecedores de que esta programación de música de carácter tradicional puidera -en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual, ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
m) Para o caso de actuacións/ traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 27/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

2.- Os interesados das actividades deberán:
a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación realizada). A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deban efectuar os interesados neste Programa (20% do custe total da actividade) aos grupos actuantes deste Programa (coros, bandas de música e grupos de música tradicional) pola realización das súas actuacións. No caso de que algún grupo actuante comunique ao centro xestor do Programa que o solicitante non realizou o 20% deste pagamento que se establece no obxecto do Programa, a Deputación de Lugo - servizo de Cultura- reservase o dereito de considerar non programar- con este interesado- actividades na vindeira anualidade.
b) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.
c) Expedirlle ao grupo musical actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actuación efectuada.
d) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:
Teléfonos de contacto: 982 260916/ 982 260059/ 982 260136/ 982 260919.
e-mail: cultura@deputacionlugo.gal.
e) En ningún caso os interesados das actuacións elixirán ao Grupo de Música (banda/ coral/ grupo de música tradicional) actuante.
f) Verlar polo correcto desenvolvemento da actividade concedida, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
g) Incluir na cartelaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

3.- A Deputación de Lugo (servizo de Cultura) deberá:
a) Aboar únicamente a porcentaxe do 80% da/das actuación/óns ao grupo ou grupos participantes neste programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria. No caso de que, por parte do interesado da actividade- houbese algún incumprimento económico, a Deputación -en ningún caso- aboará o 100% do custe da actividade realizada.
b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.

c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actuacións de acordo coa fundamentación do Programa.
d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa (…)".

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Tradigalu, 2024.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón –se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o programa Tradigalu, 2024 tendo en conta as características xa sinaladas, por importe total de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 240.000,00 €.

Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 10.000,00€."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DUNHA RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DESTINADA A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO**



| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 29/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

**NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023:

1. Este procedemento de concorrencia competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de marzo de 2023.

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 21 de xullo de 2023, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 170 do 26 de xullo de 2023.

3. Finalizado o trámite de audiencia (dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP) sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional tivo carácter definitivo e publicouse na páxina web da Deputación de Lugo e no BOP nº 188 do 17 de agosto de 2023 para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. O beneficiario relacionado a continuación, presentou na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención concedida na referida convocatoria:

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño.

| ENTIDADE | NIF | ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|
| FEDERACIÓN DE AA.VV. DE LUCUS AUGUSTI | G27158575 | AGRICULTURA E PROGRAMA DA ACTUACIÓN DE POSTA EN VALOR DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO | 2.880,32 € |


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 30/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

5. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 14 de febreiro de 2024 un informe ao respecto.

Por todo o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño.

| ENTIDADE | NIF | ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|
| FEDERACIÓN DE AA.VV. DE LUCUS AUGUSTI | G27158575 | AGRICULTURA E PROGRAMA DA ACTUACIÓN DE POSTA EN VALOR DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO | 2.880,32 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2023.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 13 de decembro de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289, do 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

| Entidade | Subvención |
|---|---|
| ASOC DE VECINOS DE SANTIAGO DE ADAI | 1.194,00 |

**9.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO nº 290/2023-B.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº290/2023-B seguido a instancia de S.L. Urbaconsa Lugo fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por, segundo indica no seu escrito de demanda, danos materiais no vehículo matrícula 8408-FJG cando circulaba pola estrada LU-P-2902 á altura do PK 7,3 debido a un impacto cunha árbore que se atopaba na calzada, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º**.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora, se fora preciso."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- DACIÓN DE CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA 00222/2022 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE LUGO, DA SENTENZA 00318/2023 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA CON/AD SEC. 2 A CORUÑA E DA RESOLUCIÓN DO RECURSO DE CASACIÓN NÚM. 8428/2023.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 32/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/XEN_01/000248), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Tento en conta que:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de febreiro de 2018, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:
“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 80.004,01 €, a favor da Diocese de Mondoñedo– Ferrol, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertence á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.
2º.- Aprobar o gasto de 80.004,01 € con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Diocese Mondoñedo– Ferrol, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro”.
3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con esta proposta”.

Segundo.- O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo– Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 6 de marzo de 2018.

Terceiro.- Por resolución presidencial, de data 24 de xullo de 2018, resolveuse:
“Aboar á Diocese de Mondoñedo– Ferrol a cantidade de 64.003,20 € en concepto de anticipo do 80% do importe da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Diocese Mondoñedo– Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reforma de cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, ao considerarse cumpridos os requisitos establecidos no convenio de referencia para o aboamento deste”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2021, acordou prestar aprobación a seguinte proposta:

“Proposta de aprobación, se procede, da resolución do procedemento de perdida de dereito ao cobro da subvención e de reintegro polo importe aboado en concepto de anticipo, máis os xuros de mora correspondentes, á Diocese Mondoñedo-Ferrol.


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 33/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

(...)

Segundo: Que o representante da Diocese Mondoñedo- Ferrol, como consecuencia do "incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención". (artigo 37.1.c LXS) reintegre á Deputación de Lugo a contía de 64.003,20 € (correspondente ao importe da subvención aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 6.536,22 € en concepto de xuros de mora.
(...)"

Quinto.- Na Sentencia 00222/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 2 de Lugo se establece o seguinte:

"Fallo,
I. Debo desestimar y desestimo el recurso interpuesto por Susana Díaz Gallego, Procuradora de los Tribunales, actuando en nombre y representación de la Diócesis de Mondoñedo- Ferrol, frente a la Diputación Provincial de Lugo, frente a la Resolución de la Xunta de Gobierno de la Diputación de Lugo de fecha 2 de julio de 2021 acordando desestimar el recurso de reposición interpuesto por la Diócesis frente a la Resolución del mismo órgano de fecha 16 de abril de 2021, en relación con la subvención concedida para sufragar los gastos derivados del Proyecto de reforma de la cubierta y fachada de la Parroquia de Santiago de Celeiro, aprobada en fecha 9 de febrero de 2018, por ser la misma conforme a derecho.
II. Las costas de la instancia se imponen a la parte recurrente, si bien limitando el importe a pagar, cualquiera que sea el resultado de la tasación de costas y por todos los conceptos a -600- euros.
III. Notifiquese la presente resolución a las partes haciéndolas saber que la misma no es firme y contra ella cabe interponer recursos de apelación anta la sala de lo contencioso-administrativo del TSX de Galicia en el plazo de quince días."

Sexto.- No recurso de apelación número 4054/2023, Sentencia 00318/2023 do Tribunal Superior de Xustiza Con/Ad Sec. 2 A Coruña consta literalmente o seguinte:

"(...)
Fallamos: Que debemos Estimar Y Estimamos en parte el recurso de apelación presentado por la Procuradora Dª. María Susana Díaz Gallego, en nombre y representación de la Diódesis de Modoñedo- Ferrol, contra la Sentencia 222/2022 de


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 34/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

17 de noviembre, dictado por el Juzgado de lo contencioso-administrativo 2 de los de Lugo en el Procedimiento Ordinario 243/2021, por la que se desestimó el recurso interpuesto por la Diócesis de Mondoñedo- Ferrol contra la Resolución de la Diputación Provincial de Lugo por la que se acordó el reintegro de la subvención concedida para sufragar los gastos de reforma de la cubierta y la fachada de la parroquia de Santiago de Celeiro, revocando la misma, en el sentido de que da anularse la resolución recurrida y concretarse el reintegro al 20 % de la subvención concedida, sin hacer expresa imposición de costas en ninguna de las dos instancias.
Contra esta Sentencia podrá interponerse recurso de casación (...)"

Sétimo.- No R. casación núm.: 8428/2023 se establece literalmente que "se acuerda la inadmisión a trámite del recurso de casación" e que "Se imponen las costas procesales a la parte recurrente hasta el límite de mil euros (1.000€) a favor de la parte recurrida, por todos los conceptos, más el IVA correspondiente, si procediere".

Infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se tome conta das sentenzas relacionadas e se acorde a execución do contido da sentencia 00318/2023 do Tribunal Superior de Xustiza Con/Ad Sec.2 A Coruña, no seguinte senso:

Que se inicie a tramitación, por parte da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, do pago do 80% do importe da subvención non aboada (16.000,81 €), é dicir, que se proceda ao pago da contía de 12.800,65 €.

Que se inicie, polo Servizo de Recadación, o procedemento de devolución da cantidade recadada (77.593,36 €) nun 80%, é dicir, que procedan á devolución de 62.074,69 €."

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Tomar conta da sentencia 00222/2022 do xulgado contencioso administrativo n.º 2 de Lugo, da sentencia 00318/2023 do tribunal superior de xustiza Con/Ad Sec. 2 a Coruña e da resolución do recurso de casación núm: 8428/2023.

**2º.-** Que se execute o contido da sentencia 00318/2023 do Tribunal Superior de Xustiza Con/Ad Sec. 2 A Coruña, no seguinte senso:


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 35/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

Que se inicie a tramitación, por parte da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, do pago do 80% do importe da subvención non aboada (16.000,81 €), é dicir, que se proceda ao pago da contía de 12.800,65 € a favor da Diócesis Mondoñedo- Ferrol.

Que se inicie, polo Servizo de Recadación, o procedemento de devolución da cantidade recadada (77.593,36 €) nun 80%, é dicir, que procedan á devolución de 62.074,69 € a favor da Diécesis Mondoñedo- Ferrol."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta da resolución da Presidencia, pola que por avocación se aproba a adxudicación da contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo "O gran camiño", 2024.*

Dase conta da resolución da Presidencia de 21 de febreiro de 2024, pola que por avocación de competencias, se aproba a adxudicación á empresa Eze Mosquera Events, S.L. a contratación do patrocinio do evento deportivo de ciclismo "O gran camino" 2024 polo importe de 96.425,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.249,25 €, o que fai un total de 116.674,25 €.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**


| Código Seguro De Verificación | 5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | José Antonio Mourelle Cillero | Asinado | 27/02/2024 12:35:15 |
| | José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo | Asinado | 27/02/2024 10:25:47 |
| Observacións | | Páxina | 36/36 |
| Url De Verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/5mpfhem5dRes4A1ruRKLHg%3D%3D | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |